

## RELATOS DE LOVECRAFT, 4º ESO

O pasado 21 de marzo, e por petición dun grupo de alumnos e alumnas de 4º de ESO organizamos un Club de Lectura de relatos de Lovecraft.



Nesta primeira xuntanza comentamos varios relatos breves do autor de Providence que escolleramos previamente entre todos nós: “Historia del Necronomicón”, “Dagón”, “Las ratas de las paredes” y “El extraño”.



Gozamos moito co estilo gótico do gran autor estadounidense pero, sobre todo, co seu universo mitolóxico, cheo de criaturas monstruosas e descoñecidas que se ocultan nos lugares máis remotos do noso mundo.



Dado o éxito desta primeira xuntanza, decidimos seguir co Club e reunirnos de novo durante o seguinte trimestre para continuar comentando os relatos de terror deste orixinalísimo autor de horror cósmico.

